

A ILP CONTRA A INCINERACIÓN, SEMENTE DE FUTURO

Xosé Manuel López Fernández*

Hai máis de un ano algúns/as tiñamos escasos datos e conciencia sobre a xestión do lixo en Galiza, como moito unha opinión difusa sobre o que habería que facer. Tendemos a confiar en que as cousas se van facendo, confiamos en quen nos goberna, por que o ía facer mal? Nos medios de comunicación manéxanse a cotío os termos e as palabras que agora tamén manexamos nós. Onde estaba a necesidade dunha nova lei?

Entón o conselleiro Agustín Hernández anunciou a decisión de construír unha planta de tratamento de residuos baseada na incineración en O Irixo. Grazas a el soubemos a verdade. E non nos gustou. Por iso constituímos asociacións, organizamos foros onde se aportou información relevante e veraz, fomos interlocutores das autoridades até que estas o consideraron oportuno para os seus intereses, convocamos á veciñanza da comarca e o país a expresar o noso rexeitamento na rúa, sempre respectuosamente. E chegou xuño coa perspectiva das eleccións autonómicas.

As plataformas tentabamos aproveitar o noso espazo mediático e a Xunta trataba de "matar" a cuestión por todos os medios. A decisión sobre o Irixo seica estaba tomada pero esperábase o momento "oportuno" para anunciarla. Esa decisión só se refería á localización da nova planta, non ao cambio de modelo.

Sen embargo, moito/as tivemos sempre claro o seguinte argumento: é de recibo rexeitar a "merda" a carón da casa pero mirar para outro lado se lla levan ao veciño ou a outro pobo? Se non é bo para nós, non o será para ningún. Por iso tiña pleno sentido formular unha opción ambiciosa e construtiva e non deixar "matar" a verdadeira cuestión: a Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) contra a incineración e a favor dos tres "Rs" (Redución, Reutilización e Reciclaxe).

Porque as cifras, as poucas que se saben, din onde estamos. Un 85% do lixo que xeramos é material orgánico ou

Europa Press



Representantes dos colectivos que integran a Comisión Promotora da ILP a prol da reciclaxe e contra á incineración.

papel ou vidro ou envases lixeiros; polo tanto, é totalmente posíbel reaproveitalo para a sociedade e a economía aplicando tecnoloxías non demasiado complicadas e suficientemente testadas no noso contorno xeográfico, na UE e, nomeadamente, en Alemaña, ese país. Pero SOGAMA non é capaz de aproveitar máis dun ridículo 2%. O resto, ou se queima ou se mantén nun vertedoiro.

É dicir, aínda por riba de estarmos "alimentando" cos nosos impostos unha pésima solución, esta non é a solución. Pola contra, a ILP propón cousas moi sensatas:

1. Para obter resultados hai que gastar ben os cartos. Os investimentos públicos deben respectar a xerarquía de tratamentos de residuos que marcan a normativa europea, a estatal e incluso a galega (aprobada polo goberno bipartito). Sen embargo, se construímos outra incineradora (sexa cal sexa a comarca ou lugar) e gastamos dous centos millóns de euros longos nesta opción, canto vai quedar para os outros sistemas de tratamento? Seguiremos reciclando o que reciclamos e reducindo o lixo xerado só mentres sigamos coa crise. Este goberno ten intención de gastar cantidades inxentes en ampliar o megavertedoiro de Areosa e a capacidade de incineración. Esa é a verdade dos cartos gastados e dos xa comprometidos.

2. SOGAMA veu a resolver o problema dos vertedoiros incontrolados, onde o resolveu, e pouco máis. Os resultados mudarán cun mapa racional de plantas de tratamento centradas na recuperación de materiais reciclábeis e a compostaxe da porción orgánica, que estean situadas próximas á poboación. Sigamos o "modelo Lousame", exemplo incluso a nivel estatal. Tamén contribuiremos decisivamente á educación cidadá. Quen agora nos goberna non confiou na xente. Hai que educar e investir en cidadanía, e a cidadanía mellorará as cousas.

3. É indiscutible que unha incineradora é altamente contaminante. O conselleiro Hernández simplemente tivo un mal día cando garantiu que a planta de O Irixo causaría un impacto "cero". Polo tanto, quen siga a lucrase cunha incineradora, porque isto é tamén, como non, un negocio, debería abonar un canon. E cos cartos obtidos reforzariáanse as outras opcións, moito menos lesivas.

4. Os docentes sabemos que non podemos nin debemos tratar a todo o alumnado por igual. Somos distintos/as e hai que darlle a cada quen o que precisa. É dicir, non se pode propor o mesmo esquema para todas as zonas de Galiza porque son realidades diferentes. Non é o mesmo xestionar o lixo xerado en Vigo e na súa comarca que facelo na de Lalín. Pero

a realidade é que iso é o que está a pasar.

E con estas ideas e un texto que as articula organizámonos e lanzámonos a comunicarlle á xente a nosa proposta. Negalo sería necidade, houbo días bos e días nefastos, pero fomos quen de entregar en tempo e forma máis de 21.000 sinaturas. O noso traballo e a vontade de todas e cada unha das galegas e galegos que asinaron ben mereceron que o Parlamento de Galiza, e por ende o grupo maioritario nel, nos explicara con detalle e sen demagoxias se a nosa proposta era boa ou mala, e porqué.

Que aconteceu? O PP votou negativamente e a oposición (BNG, AGE e PSdeG-PSOE) votou a favor. Non acadamos o obxectivo máximo pero hai outros que temos sobradamente cumpridos. E estes, na nosa opinión, son igual de valiosos. A ILP non morreu necesariamente coa votación do día 14 de maio.

Moito/as poden considerar que o esforzo non valeu de nada. Dirán iso de "xa volo dicíamos". Mais os temas nunca se resolven o primeiro día. É necesario insistir e perseverar. Moita xente, incluso algunha que non asinou ou non considerou acertado contribuír á campaña de recollida de sinaturas, está absolutamente convencida de que os nosos argumentos son válidos. Sábeno. Esa é unha semente que frutificará.

Por outra banda, o Partido Popular, aínda en Galiza, non ocupará eternamente a Xunta, e as forzas que o substituirán votaron a favor da ILP e do que esta propón. Non imos a debullar matices, que os hai e importantes, moi importantes. O esencial é que as forzas políticas que deben ser alternativa anunciaron o seu voto a favor da ILP. Esa é outra semente.

Neste sentido, anuncios como o xa feito polo goberno municipal de Pontevedra de estudar a viabilidade dunha planta comarcal para o tratamento de

ADEGA



Membros da Comisión Promotora da ILP na entrega ante o Parlamento de Galiza de máis de 22.000 sinaturas de apoio á Iniciativa Lexislativa.

ADEGA



Manifestación en Lalín contra a incineración do pasado 22 de abril de 2012.

residuos é unha aposta valente á que se deberían unir outras. Galiza non é só a Xunta. Hai outras instancias de poder político que se poden mobilizar para establecer debates e posibilitar alternativas que resolvan situacións urxentes, neste e noutros ámbitos. É cuestión de tempo. Esa é outra semente.

As ideas da ILP frutificarán. Hai xente que se ergue todos os días coa

idea que só pensemos na crise e as súas consecuencias. Pero a crise só se resolverá con iniciativas de intervención na economía e na sociedade. Iniciativas creativas, produtivas, dinamizadoras, con rendemento a medio e longo prazo. Nós apostamos pola educación, pola creación de máis e mellor emprego, por actividades non lesivas que solucionan problemas, pola saúde pública. Esas tamén son sementes de futuro.

Pero non debemos agardar sentado/as. Debemos seguir facendo labor de concienciación e información da situación e das alternativas. A ILP a favor dos tres "Rs" non foi un fin en si mesmo. A ILP foi un medio para gañar o futuro. Vémonos alí.

* Xosé Manuel López Fernández é voceiro da Plataforma Incineradora no Deza NON e membro da Comisión promotora desta ILP.

Casa Perfeito María
Cociña caseira, natureza e silencio

Costa Atlántica - Outes - A Coruña
Tfno: 981 851 009
www.casaperfeutomaria.com